

Nome _____ Data _____

1 Responde as seguintes preguntas.

- Por que se di que as células son as unidades vivas máis pequenas que existen?

- Como se clasifican os seres vivos en función do número de células que os forman?


2 Cales son os aspectos das células dun organismo que fan que se diferencien unhas doutras?

3 Define as seguintes partes dunha célula.


- Membrana: _____
- Citoplasma: _____
- Núcleo: _____
- Orgánulos: _____

4 Indica o tipo de célula da imaxe e completa os nomes dos seus elementos. Despois, di cal ou cales dos elementos son propios deste tipo de células.

- Célula _____
- Elementos propios: _____



5 Ordena do 1 ao 5 os niveis de organización dos seres vivos pluricelulares. Despois, escribe debaixo de cada imaxe o nome do nivel a que corresponde.



A. _____ B. _____ C. _____ D. _____ E. _____

6 Determina a que nivel de organización corresponde cada definición.

- _____: formado por varios órganos do mesmo tipo e coa mesma función.
- _____: unión de todos os aparellos e sistemas.
- _____: unión de varios tecidos organizados para funcionaren conxuntamente.
- _____: formado por órganos diferentes ou por varios sistemas, que funcionan de maneira coordinada para realizaren un traballo.
- _____: Agrupación de células do mesmo tipo.

7 Observa as seguintes imaxes e determina se se corresponden cun sistema ou cun aparello. Xustifica a resposta.

A




A

**8** Cres que todos os seres vivos, para seren considerados como tales, deben presentar todos os niveis de organización? Razona a resposta.

9 Observa a seguinte imaxe e contesta.

- É un tecido animal ou vexetal? _____
- Como se denomina este tecido? Cal é a súa función?

**10** Determina, en cada caso, os tecidos animais e vexetais que comparten as funcións enunciadas a continuación.

- Función protectora: _____.
- Función de almacén de substancias: _____.
- Función de transporte de substancias: _____.


Nome _____ Data _____

- 1** En función do número de células que teñan os seres vivos, estes clasifícanse en...
- a. unicelulares e multicelulares.
 - b. unicelulares e pluricelulares.
 - c. simples e complexos.
- 2** Onde se encontran os orgánulos dunha célula?
- a. Dentro do núcleo.
 - b. No citoplasma.
 - c. Pegados á membrana.
- 3** Que elementos están presentes nas células vexetais pero non nas animais?
- a. A parede celular.
 - b. Os cloroplastos.
 - c. a e b son correctas.
- 4** Polo xeral, as células vexetais presentan unha forma...
- a. prismática.
 - b. circular.
 - c. ameboide.
- 5** Como se chama a unión de células do mesmo tipo?
- a. organismo.
 - b. órgano.
 - c. tecido.
- 6** A agrupación de órganos diferentes ou de varios sistemas funcionando de maneira coordinada para realizar un traballo denomínase...
- a. organismo.
 - b. sistema.
 - c. aparello.
- 7** A unión de varios tecidos que funcionan de forma conxunta denomínase...
- a. aparello.
 - b. sistema.
 - c. órgano.
- 8** Marca a resposta correcta.
- a. Todos os organismos presentan todos os niveis de organización.
 - b. Non todos os organismos presentan todos os niveis de organización.
 - c. Os seres vivos unicelulares non se poden considerar organismos.
- 9** Cal dos seguintes tecidos animais cumpre unha función protectora?
- a. O tecido epitelial.
 - b. O tecido óseo.
 - c. O tecido adiposo.
- 10** Cal dos seguintes tecidos serve de almacén de substancias?
- a. O parénquima.
 - b. O súber.
 - c. O tecido epidérmico.

Nome _____ Data _____


- 1** Indica de que maneira inflúen a natalidade e a mortalidade no envellecemento da poboación europea.

- 2** Completa o esquema.




- 3** Explica como inflúe a inmigración no crecemento da poboación.

- 4** Observa o gráfico e explica como evolucionou a inmigración en España desde o ano 2008 ata a actualidade.



5 Observa e explica como se distribúe a poboación ocupada en Europa.



6 Completa a táboa.

A INDUSTRIA EN EUROPA		
Tipos	Características	Países

7 Explica a diferenza entre *comercio exterior* e *comercio interior*.


8 Pensa e escribe o nome de dous países europeos que exportan petróleo.

9 A construción é unha das actividades económicas máis importantes de España.

- En que consiste? _____
 - A que sector pertence? _____
 - Di o nome dunha actividade dos sectores primario, secundario e terciario relacionadas coa construción. _____
-

10 Que tipos de turismo se poden practicar en España? Pon tres exemplos.

7 Observa estes gráficos sobre o consumo de enerxía en dous países diferentes e di cal deles favorece o desenvolvemento sustentable. Xustifica a elección.



8 Explica por que é necesario protexer os espazos naturais. Despois, pon un exemplo dun espazo protexido en España.

9 Observa e describe o que ves na fotografía.



10 Explica por que o consumo responsable contribúe ao desenvolvemento sustentable.
